

Obter, organizar e sintetizar a información dun texto expositivo

MODELO

Partimos, para exemplificar o proceso, do seguinte Texto **lixeira**

Características óptimas

A seda das arañeiras ten unha gran finura e moi pouco peso. Ademais, é flexíbel e, por suposto, excelente para cazar moscas. Tamén é máis dura có aceiro, máis resistente có kevlar e máis elástica có nailon. Por iso, durante máis dun século os científicos intentaron reproducir as súas propiedades no laboratorio. E agora parece que o conseguiron, máis ou menos.

Seda sintética

A semana pasada, científicos da compañía Nexia Biotechnologies, de Vaudreuil - Dorion, na provincia canadense de Quebec, e do Mando Químico Biolóxico do Exército norteamericano en Natick (Massachussets), comunicaron que, ademais de sintetizar seda de araña, puideron tecer co resultado fibras moi parecidas ás auténticas. Este descubrimento, revelado na revista Science, podería servir para fabricar un gran número de produtos industriais, desde suturas médicas ultrafinas ata chalecos antibalas de mellor calidade. Jeffrey Turner, presidente de Nexia, afirma: *É o Santo Grial da ciencia de materiais*.

1. SUBLIÑAMOS O TEXTO

❑ Realizamos antes, cando menos, unha **primeira lectura para comprender** o texto, reparando no contexto daquelas partes que non entendamos ben e inferindo ou buscando o significado das palabras descoñecidas.

☞ Por exemplo, as comparacións con elementos representantes dunha propiedade que aparecen nas liñas 2 e 3, permítenos inferir con facilidade que *o kevlar* é unha fibra sintética moi resistente.

❑ Na **segunda (ou terceira) lectura**, marcamos as **palabras clave**, normalmente substantivos, verbos e adxectivos que permiten quedarnos coa información fundamental: o quen, o que, o como, o por que, o para que...

☞ Probamos a ler só o subliñado no texto de arriba e valoramos se recolle ben as ideas básicas, principais e secundarias.

❑ Se vemos que é preciso facer xeneralizacións ou escribir doutro xeito unha idea longa, farémolo con **anotacións na marxe**.

☞ Mesmo nun texto breve, como o de arriba, é rendíbel facelo.

2. - EXTRAEMOS AS IDEAS PRINCIPAIS

❑ Unha vez que localizamos o máis importante na presentación ou explicación do tema que se fai no texto, necesitamos **reescribilo empregando oracións**.

❑ Pode abondar con prescindir dos detalles e da información complementaria ou redundante para logo recoller o subliñado (regra de **selección**).

❑ O caso é que moitas veces a idea principal dos parágrafos non está nun fragmento concreto, non está explícita, e hai que elaborala. Para iso, empregaremos a regra de **xeneralización** (substituír unha serie de palabras ou ideas por outra máis ampla) ou a de **integración** (crear unha idea a partir de varias).

☞ Extraemos a idea principal de cada parágrafo do texto de arriba así:

- A seda das arañeiras ten propiedades óptimas: é lixeira, flexíbel e adherente; ademais, supera os mellores materiais en dureza, resistencia e elasticidade. [xeneralización]
- Os científicos conseguiron crear seda de araña sintética e tecer fibras como as auténticas.
- A seda de araña sintética pode servir para fabricar produtos industriais de mellor calidade.

3. - AGRUPAMOS POR TEMAS E ORGANIZAMOS AS IDEAS


❑ Ordenaremos todas as ideas importantes desde o xeral ao específico. Se chegamos a realizar un

esquema, enumerarémolas mostrando a conexión xerárquica entre elas: cada idea principal encabezará un apartado, que se completa coas secundarias relacionadas. Así:

- ☞ 1. A seda das arañeiras ten propiedades óptimas.
 - 1.1. É lixeira, flexíbel e adherente.
 - 1.2. Supera os mellores materiais en dureza, resitencia e elasticidade.
 - 1.2. É máis dura có aceiro.
 - 1.3. É máis resistente có kevlar.
 - 1.4. É máis elástica có nailon.
- 2. Os científicos conseguiron crear seda de araña sintética e tecer fibras como as auténticas.
 - 2.1. Pode servir para fabricar produtos industriais de mellor calidade.
 - 3.1. Suturas médicas ultrafinas.
 - 3.2. Chalecos antibalas.
 - 2.2. Os científicos pertencen á compañía Nexia Biotechnologies.

4. - CONECTAMOS AS IDEAS NUN MAPA CONCEPTUAL

☐ Trátase de recoller os conceptos e elementos do texto, que irán dentro de cadros, e relacionalos por medio de palabras de enlace que mostran a conexión existente e que acompañan as liñas (e frechas). Pártese do tema do texto e síguese a organización anterior do xeral ao específico.



5.- SINTETIZAMOS CON COHESIÓN

☐ Resumir é construír cunha linguaxe propia un parágrafo de extensión considerabelmente inferior á do texto (aproximadamente, o 20% do orixinal) no que se recolle a información fundamental, sen detalles nin exemplos nin anécdotas.

☐ Mais, non é un simple listado, hai que cohesionar o noso resumo enlazando as distintas oracións co uso dos conectores que esixa o texto (de adición, de énfase, de causa, etc.) ou tamén con procedementos de repetición e substitución de información (por exemplo, expresións como *Esta realidade, Este feito...*).

- ☞ Os científicos conseguiron crear seda de araña sintética e tecer fibras coas mesmas propiedades cá auténtica: óptima lixeireza, flexibilidade, adherencia, dureza, resitencia e elasticidade. Con este descubrimento cóntase poder fabricar produtos industriais de mellor calidade.

O proceso que imos seguir, tal como no modelo, é o seguinte:

[lectura] 1º **Subliñar** as palabras clave

[+ formulación] 2º **Extraer as ideas**

[+organización] 3º **Agrupar e esquematizar**

[+conexión] 4º Elaborar un **mapa de conceptos**

[+síntese (e cohesión)] 5º **Resumir**

0. Lectura

O desenvolvemento económico da Humanidade -con todos os beneficios que iso comporta nos planos social, cultural e científico- alcanzou metas sen precedentes durante o século XX. Pero só para unha parte da poboación do planeta.

O mundo de hoxe preséntase dividido: dun lado, o Primeiro Mundo, comparativamente opulento; do outro, o maioritario Terceiro Mundo, cuxa realidade vén ilustrada polas abraiante cifras recollidas polos informes das Nacións Unidas: 500 millóns de persoas malnutridas -160 delas en idade infantil-; 110 millóns de nenos que non saben que é unha escola; 840 millóns de adultos -dous terzos deles mulleres-analfabetos; 1.200 millóns sen acceso á auga potable; 507 millóns cuxa expectativa de vida non supera os 40 anos; 17 millóns de mortos ao ano vítimas de enfermidades contaxiosas e parasitarias perfectamente curábeis, como a diarrea, o paludismo e a tuberculose...

Quizá o máis rechamante desta amarga situación sexa que podería ser atallada, e mesmo resolta, sen que os países desenvolvidos tivesen por que prescindir do esencial das súas vantaxes. Segundo a ONU, proporcionar servizos sociais básicos e aliviar a pobreza mundial tería un custo de 80.000 millóns de dólares, unha cantidade inferior á que suma o patrimonio das sete persoas máis ricas do planeta. Cun 1% da riqueza global mundial podería erradicarse de maneira total a miseria.

Non só existe o abismo económico que separa o Primeiro Mundo do Terceiro. Cada un deses dous grandes espazos tamén ten os seus propios abismos internos. No Terceiro Mundo hai minorías que gozan dun elevado nivel de vida, logrado a miúdo á conta da superexplotación das súas poboacións respectivas. O Primeiro Mundo, pola súa banda, viu crecer no seu seo un crecente sector de excluídos sociais, nutrido no fundamental de parados de longa duración e de inmigrantes non integrados. É, en certo xeito, un Terceiro Mundo dentro do Primeiro.

Nesta altura, hai xeral consenso en que a erradicación da miseria masiva existente no mundo non é só cuestión de Xustiza, nin asunto exclusivo de bos sentimentos -aínda que nin a unha nin os outros estean de máis-, senón tamén un imperativo de supervivencia para o propio Primeiro Mundo, que necesita do desenvolvemento económico do Terceiro Mundo, tanto para reducir a límites aceptábeis o espectacular fluxo migratorio que están a padecer os países ricos como para facilitar a expansión do comercio mundial, que precisa do enorme potencial humano dos países subdesenvolvidos.

É esa necesaria reorientación do curso das cousas compatible co mantemento dos criterios de organización da economía mundial que as grandes potencias fixaron en 1944 en Bretton Woods e que están na base do actual proceso de globalización? Os principais organismos internacionais do ramo, como o FMI e o Banco Mundial, entenden que si, sempre que os países que exercen o liderado económico mundial se mostren capaces de adaptar as súas grandes opcións globais, sustentadas na liberdade do comercio, aos novos problemas e realidades. Medra, no entanto, mesmo no mundo desenvolvido, a idea de que as fórmulas neoliberais aparelan a extensión da inxustiza. Ambas as posicións contan con bos argumentos ao seu favor. Mais, de algo non cabe dúbida: na erradicación da miseria mundial vainos o porvir a todos.

1. **Subliña o texto** seguindo as indicacións dadas antes.
2. **Extrae a idea principal de cada parágrafo.**

Ten en conta que é necesario facer xeneralizacións no 2º parágrafo e reformular, integrando, no 6º. Dese último deberás extarer dúas ideas.

1º parágrafo

2º parágrafo

Hai unha radical división entre o primeiro mundo, opulento, e o terceiro, no que ...

3º parágrafo

4º parágrafo

5º parágrafo

6º parágrafo

– É cuestionábel ...

–

3. Agrupa, enriquece e organiza esas ideas completando este esquema.

1. O elevado desenvolvemento ...

2. A división planetaria ...

2.1. O 1º mundo ...

2.2. O 3º mundo ...

2.2.1. Sófrena especialmente a infancia ...

2.2.2. Padecen malnutrición, ...

2.3. Hai abismos internos ...

2.3.1. No 3º mundo hai ...

2.3.2. No 1º mundo aumenta ...

3. Terminar coa miseria é unha necesidade tamén ...

3.1. O 1º mundo precisa do ...

3.1.1. Para ...

3.1.2. Para ...

4. Podería erradicarse a miseria mundial ...

4.1. Esa cantidade equivale ...


5. É cuestionábel que se poida abolir a miseria co actual ...

5.1. Segundo o FMI e o BM só cómpre ...

5.2. Para moitos, a economía neoliberal ...

6. O futuro da humanidade pasa por acabar coa miseria.

4. Conecta mellor e aclara esas ideas completando este mapa conceptual.



Mapa conceptual completo en <http://create.ly/g1j6isvq2> Pode verse, reducido, na última páxina.


5. Sintetiza cohesionando as ideas fundamentais

5.1. Recolle só as ideas máis importantes, non os detalles, sen sobrepasar - neste caso- as oito liñas; e sigue unha orde lóxica, como por exemplo:

Idea central + Razóns (realidade cruel + necesidade para todos) + Solución proposta + Solucións posibles

5.2. Cohesiona o teu texto, enlazando as distintas oracións con conectores ou con procedementos de repetición e substitución de información.

Podes aproveitar estas pistas:



A abolición da miseria é unha necesidade mundial ante
*..... **En efecto**, as diferenzas no planeta son abismais: fronte a*
opulencia do primeiro mundo, no terceiro
*..... **Ademais**, no primeiro mundo*
(Conector), tamén é necesario
..... En realidade, abundaría con
....., (conector) é cuestionábel que
porque

